

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MALAIKAS PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DAS MULLERES MIGRANTES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E O PROXECTO BERRANDO AO MUNDO DE INTERVENCIÓN CON ADOLESCENTES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación Juan Soñador o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Juan Soñador para:

- a) O financiamento do programa Malaikas para previr a violencia de xénero e protexer os dereitos das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade, promovendo a súa seguridade, dignidade e autonomía.
- b) O financiamento do programa Berrando ao Mundo para fomentar a igualdade de xénero entre a poboación adolescente e xuvenil en situación ou risco de exclusión social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Fundación Juan Soñador, entidade de carácter social sen ánimo de lucro, promovida pola Familia Salesiana do noroeste de España e inscrita no Rexistro de Fundacións asistenciais no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 24-0061, el 19 de setembro de 2002, recolle nos seus estatutos como obxecto de actividades fundacionais, "Desenvolver proxectos de promoción social de barrios populares cun alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio e tempo libre, de educación de rúa, de promoción da muller e igualdade de xénero". Conta con equipos educativos profesionais estables e identificados cos seus valores fundamentais: ser axentes de cambio e transformación social,



por medio dunha proposta socioeducativa integral e de calidade, promovendo o protagonismo activo das persoas excluídas como suxeitos de dereitos.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Fundación Juan Soñador para o financiamento de ambos programas cuxo interese prioritario é poder ofertar ás mulleres migrantes o acceso a recursos, garantindo que as mulleres migrantes vulnerables teñan acceso efectivo a recursos de apoio, asesoramento e programas de empoderamento económico e social, así como traballar a educación na igualdade con adolescentes e mozas/os en situación de risco e exclusión para fomentar unha capacidade de reflexión crítica e identificar situacións de violencia machista.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres migrantes e aos mozos e mozas unha serie de ferramentas para fortalecer as habilidades de autoestima, comunicación asertiva, resolución de conflitos e toma de decisións para que poidan identificar e enfrontar a violencia de xénero.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a fundación Juan Soñador é a entidade que conta con equipos educativos profesionais estables e poden cubrir as necesidades específicas das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social que non están cubertas de cara a rachar co seu illamento e favorecer o seu empoderamento. As mulleres migrantes teñen máis marcadas a discriminacións ou vulneracións por mor de xénero, sufrindo diariamente situacións de desigualdade machista. En canto a violencia de xénero, moitas mulleres migrantes sofre violencia por parte das súas parellas. No ano 2023, un 43,10% das mulleres mortas por violencia de xénero foron mulleres de nacionalidade estranxeira e segundo o informe emitido polo poder xudicial o 34,98% das



mulleres vítimas de violencia de xénero eran estranxeiras. Estes datos xustifican a necesidade dun proxecto específico da prevención da violencia de xénero.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

